

TRABALLAR NA AULA VIRTUAL

(Borrador)

CEIP de Olveira

Sumario

1.- Acceso á aula virtual.....	2
2.- Os primeiros pasos.....	3

1.- Acceso á aula virtual

Podemos acceder desde esta dirección:

edu.xunta.gal/centros/ceipolveira/aulavirtual2

Unha vez cargada a páxina picamos en (Acceso) que está na esquina superior dereita.



Aparece a pantalla de acceso na que temos que teclear o nome de usuario e contrasinal.

A screenshot of the 'Acceso' (Access) screen. The title 'Acceso' is centered at the top. Below it, there are two input fields: 'Nome de usuario' and 'Contrasinal'. Below the password field is a checkbox labeled 'Lembrar o nome de usuario' with a green checkmark icon. Below the checkbox is a button labeled 'Acceso'. Below the button is a link that says 'Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?'. Below the link is a message 'Deber ter as cookies activadas no seu navegador' with a question mark icon. Below this message is a horizontal line. Below the line is the text 'Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados' and a button labeled 'Entrar como convidado'. At the bottom of the screen, there is the text 'Non está identificado.' and a button labeled 'Páxina principal'.

Picamos en acceso e entramos na aula virtual.

2.- Os primeiros pasos

Unha vez dentro aparece o apartado **Os meus cursos** no que está o listado dos cursos en que o alumno/a está matriculado/a.

Esta sería a pantalla que se lle abre niste intre ao alumnado de 6º de EP.

The screenshot shows the 'Os meus cursos' (My courses) section. It contains a list of four courses, each with a globe icon, a title, a teacher name, and a description:

- O planeta Terra**
Teacher: Dositeo Fernández Fuente
Unidade didáctica para traballar o planeta Terra dentro do universo
- Lengua castellana de 6º (1)**
Teacher: Dositeo Fernández Fuente
Bloque de actividades 1
- Reforzo matemáticas 1**
Teacher: Dositeo Fernández Fuente
Actividades de repaso
- Chat tutoría 6º EP**
Teacher: Dositeo Fernández Fuente

At the bottom, there is a link: [Todos os cursos](#).

Picando no nome do curso estramos na pantalla que nos permite acceder ao contido do curso seleccionado.

Imos picar a modo de exemplo en **O planeta Terra** e aparece a seguinte pantalla:

The screenshot shows the course page for 'O Plateta Terra'. The layout includes a left sidebar, a main content area, and a right sidebar.

Left Sidebar:

- Navegación**
 - Páxina principal
 - A miña área persoal
 - Páxinas do sitio
 - Meu perfil
 - Curso actual
 - Planeta Terra**
 - Participantes
 - Distincións
 - Xeral
 - Tema 1
 - Os meus cursos
- Administración**
 - Administración do curso
 - Cualificacións
 - Configuración do meu perfil

Main Content Area:

- O Plateta Terra**
- [Foro de novas](#)
- Tema 1**
- Actividade de proba para a aula virtual**
- [Planeta Terra](#)
- [Preguntas sobre o tema](#)
- Non dispoñible
- Non dispoñible

Right Sidebar:

- Busca nos foros**
 - Search bar
 - [Ir](#)
 - [Busca avanzada](#)
- Últimas noticias**
 - [Engadir un novo tema...](#)
 - 23 de Mar, 11:45
 - Dositeo Fernández Fuente
 - [Primeiras probas](#)
 - [Temas máis antigos ...](#)
- Próximos eventos**
 - [Iniciar Preguntas sobre o tema](#)
 - Onte, 20:30
 - » [Sábado, 28 de Marzo, 20:30](#)
 - [Fin Preguntas sobre o tema](#)
 - Sábado, 28 de Marzo, 20:30

Na parte central vemos o curso no que imos traballar., o tema actual de traballo con enlaces a información sobre o tema e as actividades propostas polo profesor/a.


Hai un foro no que todo o alumnado matriculado no curso pode participan para ver información sobre o curso, crear novas entradas ou responder a entradas do mestre ou do resto do alumnado matriculado.

Neste momento está activo para traballar o **Tema 1**. Sabemos que é o tema actual de traballo porque ten os bordes de cor azul. O resto de temas non estarán activos ata que o profesor os active.

Neste Tema 1 hai dous enlaces:

- **Planeta Terra** que nos abre unha nova pantalla na que imos ver un vídeo relacionado co tema.
- **Preguntas sobre o tema** que nos leva á páxina de actividades.


Picando en Preguntas sobre o tema aparece unha pantalla de acceso ás preguntas:



Picamos en responder as preguntas para realizar esta actividade.

Deberei responder ás preguntas tecleando nos cadros de texto a resposta que coide axeitada e picar en Entregar a súa resposta.

Apareceranos unha pantalla de confirmación.



Preguntas sobre o tema

Gardouse a súa resposta. Grazas.

Continuar

Este é un tipo de actividade que se pode realizar na aula virtual pero hai moitos máis tipos que pouco a pouco se vos irán presentando.